

A entidade modificará os seus estatutos e reiniciará o seu labor de promoción da ruta histórica a Santiago

A asociación do Camiño Sur abre unha nova etapa integrando a nove concellos

A directiva quere dar cabida a toda clase de colectivos e particulares

Francisco Albo

MONFORTE

■ A asociación do Camiño Sur a Santiago modificará os seus estatutos para poder dar cabida a persoas xurídicas e integrar así aos nove concellos da súa área de influencia. Esta decisión tomouse nunha asemblea celebrada onte no centro Expolemos de Monforte, que abre unha nova etapa no funcionamento da entidade. A directiva espera que a entrada dos concellos na asociación —que ata agora estaba integrada só por persoas físicas— sirva para reimpulsar a súa actividade, moi diminuída nos últimos anos, e para fomentar dunha maneira significativa o aproveitamento turístico e cultural da ruta histórica que atravesaba a Ribeira Sacra.

Con esta modificación quedou solventado o problema de representación que se produciu a raíz das últimas eleccións municipais. Na asociación quedaran excluídos os concellos de Monforte, Chantada, Quiroga e Sober, xa que os anteriores concelleiros de Cultura destes municipios saíron das súas respectivas corporacións despois



Na asemblea tomaron parte representantes dos concellos e doutras entidades

ALBERTO LÓPEZ

dos comicios e ao ser membros da asociación a título individual, xa non podían seguir representando ao seus concellos. Non obstante, todos eles seguirán formando parte da entidade na súa nova etapa.

Así mesmo, foi acordado abrir a entidade á participación de outras institucións, organismos e particulares que estean interesados en promover este proxecto. Na reunión estiveron presentes por este motivo o presidente do consello regulador da denominación Ribeira Sacra e o deputado Julio Paullilla Carballeda.

Unha solicitude de apoio económico á Xunta de Galicia

■ A nova asemblea da asociación decidiu solicitar á Consellería de Cultura unha das subvencións que se conceden ás entidades promotoras dos camiños de Santiago. A entidade tamén ten previsto pedir de novo o recoñecemento oficial do itinerario a Santiago pola Ribeira Sacra como ruta xacobeá, aínda que esta cuestión non foi moi debatida na reunión. Algúns dos participantes opinaron que asocia-

ción deben seguir adiante cos seus obxectivos e esforzarse por promocionando a ruta aínda que de momento non se logre un apoio máis decidido por parte da Xunta.

Na próxima asemblea, que aínda non ten data, xa participarán como membros os representantes de todos os concellos da ruta: Monforte, Chantada, Quiroga, Ribas do Sil, A Pobra do Brollón, Sober, Pantón, Bóveda e O Incio.

Entre os itinerarios xacobeos e os do Consello de Europa

■ A ruta sur a Santiago, cuxo trazado foi reconstruído por un grupo de historiadores e cartógrafos, non é propiamente un itinerario de peregrinación, senón máis ben unha vía histórica de carácter comercial. A pesar desta circunstancia, os promotores da súa recuperación cren que pode ter un grande atractivo para os amantes das rutas xacobeas. «Esta ruta ten unha raíces históricas moi firmes e un valor cultural moi importante, así que sen dúbida tamén resultará interesante para a os afeccionados a percorrer os vellos camiños de peregrinación», afirma Aida Menéndez.

Os defensores do proxecto coidan ademais que pode saír beneficiado polo recente recoñecemento da Ribeira Sacra por parte do Instituto dos Itinerarios Culturais do Consello de Europa. A zona —que coincide en boa parte co trazado do camiño sur— foi declarada como itinerario de influencia monástica e será promocionada como tal por esta institución.